



Nº Expediente: 2017/C005/000006

Asunto: Contratación de INSTALACIÓN DE REDE SEN FÍOS EN NÚCLEOS RURAIS

MESA DE CONTRATACIÓN (2)

ACTA DE CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA (SOBRES B), APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS (SOBRES C) E INICIACIÓN DA NEGOCIACIÓN DO SEGUINTE CONTRATO:

Obra: INSTALACIÓN DE REDE SEN FÍOS EN NÚCLEOS RURAIS

Importe de licitación: 43.570,31 € IVE incluído (Prezo sen IVE 36.008,52 €; IVE 7.561,79 €).

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don José Camilo Casal García, concelleiro

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 13:00 horas do xoves 30 de novembro de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á cualificación da documentación técnica (sobres B), apertura das ofertas económicas (sobres C) e iniciación da negociación para adxudicar o contrato anteriormente citado.

Do informe elaborado con data 30.11.2017 por D. Juan Carlos López Fraga, redactor do proxecto, o cal se xunta como anexo da presente acta, despréndese o seguinte resultado en relación á valoración das referencias técnicas presentadas polas empresas incluídas na presente licitación:

| EMPRESA | PUNTUACION |
|---|------------|
| INSTALACIONES Y COMUNICACIONES DEL EUME, S.L. | 2,6 |
| SOLUCIONES INTEGRALES DE VOZ, DATOS Y SEGURIDAD, S.L. | 12,5 |

A secretaria do Concello indica que, na súa opinión, nos Pregos de cláusulas administrativas deberá recollese expresamente que no caso de que a documentación relativa ás referencias técnicas (sobre B) exceda do límite de 10 páxinas a unha cara, a consecuencia será a non valoración da mesma.

Procédese de seguido á apertura dos sobres C: oferta económica, sendo a seguinte:



| EMPRESAS | OFERTA ECONÓMICA SEN IVE |
|---|--------------------------|
| INSTALACIONES Y COMUNICACIONES DEL EUME, S.L. | 23.760,00 |
| SOLUCIONES INTEGRALES DE VOZ, DATOS Y SEGURIDAD, S.L. | 35.900,00 |

Despois da valoración dos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor (sobres B) e dos criterios cuxa cuantificación é automática (sobres C), obtivéronse os seguintes resultados:

| EMPRESA | PUNT. TÉCNICA | PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA | AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA | PUNTUACIÓN AMPLIACIÓN PRAZO DE GARANTÍA | TOTAL |
|---|---------------|-----------------------------|---------------------------------|---|-------|
| INSTALACIONES Y COMUNICACIONES DEL EUME, S.L. código: 2017/2/POS/1 | 2,60 | 25,00 | 1 ano | 1,00 | 28,60 |
| SOLUCIONES INTEGRALES DE VOZ, DATOS Y SEGURIDAD, S.L. código: 2017/2/POS/2 | 12,50 | 10,09 | 3 anos | 3,00 | 25,59 |

Polo tanto, a Mesa **acorda**:

1.- Aprobar a valoración técnica realizada por D. Juan Carlos López Fraga, redactor do proxecto, con data 30.11.2017.

2.- Notificar aos licitadores admitidos a súa posición en canto ás puntuacións totais e parciais obtidas por todas as proposicións admitidas para que, no prazo máximo de 48 horas, presenten unha segunda oferta en relación cos aspectos de negociación que poidan ser mellorados (ampliación do prazo de garantía e oferta económica, indicados no anexo II), ou se ratifiquen expresamente na oferta presentada; notificando os seguintes datos:

| EMPRESA | PUNT. TÉCNICA | PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA | AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA | PUNTUACIÓN AMPLIACIÓN PRAZO DE GARANTÍA | TOTAL |
|----------------------|---------------|-----------------------------|---------------------------------|---|-------|
| código: 2017/2/POS/1 | 2,60 | 25,00 | 1 ano | 1,00 | 28,60 |
| código: 2017/2/POS/2 | 12,50 | 10,09 | 3 anos | 3,00 | 25,59 |

3.- Reunirse de novo para finalizar a negociación e elevar unha proposta de adjudicación ao órgano de contratación.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 13:20 horas do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.